

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Medio Ambiente

Aprobación inicial Ordenanza municipal para o uso racional e sostible das praias do Concello da Coruña

ANUNCIO

O Pleno do Concello da Coruña, en sesión ordinaria celebrada o 5 de xuño de 2025, adoptou os seguintes acordos:

1.- Aprobar inicialmente a Ordenanza municipal para o uso racional e sostible das praias do Concello da Coruña.

2.- Someter a Ordenanza municipal para o uso racional e sostible das praias do Concello da Coruña ao trámite de información pública e audiencia ás persoas interesadas polo prazo de trinta días, contados a partir do día seguinte ao de publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, a fin de que calquera persoa interesada poida presentar as alegacións ou suxestións que entenda procedentes.

No caso de non se presentar alegacións ou suxestións dentro do prazo establecido, entenderase definitivamente aprobada a Ordenanza municipal para o uso racional e sostible das praias do Concello da Coruña, de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

A aprobación definitiva e o texto da Ordenanza serán publicados no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, sen que entre en vigor ata que teñan transcorridos quince días hábiles desde a publicación antedita

Pódese consultar o texto íntegro da ordenanza inicialmente aprobada no taboleiro de edictos do Concello da Coruña e na páxina web da Concellería de Medio Ambiente do Concello da Coruña (www.coruna.gal/medioambiente).

A Coruña, 10 de xuño de 2025

A directora do Área de Medio Ambiente,

Mª Carmen Pita Seijas

2025/3862